# Oleiros de Francisco Miguel e Syra Alonso

## roteiro turístico e de memoria

## UNA PARELLA DE ARTISTAS NÓMADA QUE ATOPOU A FELICIDADE EN SANTA CRUZ

**Francisco Miguel Fernández Díaz** (A Coruña 1897-Bértoa (Carballo) 1936) e **Syra Alonso Brufau** ( A Coruña 1899-Cidade de México 1970) formaron unha parella de artistas singular. El foi participante destacado nos faladoiros culturais da época, libreiro, colaborador e director artístico de revistas vangardistas, creador de *batiks* e pintor. Ela, foi unha muller culta, escritora e testamenteira ata a súa morte no exilio mexicano da memoria e a obra do pintor tras o seu asasinato a mans das novas autoridades golpistas, poucos meses despois do Golpe de Estado de 1936.

Viviron unha vida nómada na Coruña, Cambre e París. Entre 1926 e 1933 residiron en México; e de volta a España, tras unha estancia dun  ano en Madrid, no 1934 instalanse novamente en Galicia, en Santa Cruz de Liáns, en Oleiros, nunha casa que Syra alcumara nos seus *Diarios* como *"a casa da felicidade"* e na que Francisco Miguel establecerá o seu estudo. Nas páxinas do manuscrito pódese intuír o aprecio que a parella sinte por Oleiros e as súas paisaxes e areais, nas que apañarán cunchas que o pintor inmortalizará nos seus cadros. Na casa tiñan un fermoso xardín no que os nenos enredaban.

## TODO SE ESVAECEU COMO UN SOÑO ROSADO

Esa vida bucólica e feliz da que desfrutaba a familia en Oleiros, verase interrompida o dia 2 de agosto de 1936, cando se presentou na casa un home para advertirlles que ten orde de deter a Francisco Miguel.
A partires dese momento, toda a felicidade e os proxectos comúns esvaeceron como nun soño rosado. Comeza un pesadelo: a loita desesperada de Syra Alonso para conseguir salvar o seu home da cadea, que deixou relatada nos seus *Diarios*.
Un proceso cheo de medos, inseguridade e desesperación, no que abandonarán Oleiros e que acabou da peor maneira posible: Francisco Miguel foi asasinado o 29 de setembro de 1936, aparecendo o seu corpo en Bértoa (Carballo). Pola súa banda, Syra marchará cara ao exilio en 1942 para evitar que o seu fillo maior fixera o servizo militar co exército que asasinara o seu pai.

***1934***:
*A finais deste ano, a familia instálase en Santa Cruz procedente de Madrid*

***02/08/1936***:
*Menos dun mes despois do Golpe de Estado do 20 de xullo de 1936, un home Preséntase na porta da "casa da felicidade" para advertir que ten orde de deter a Francisco Miguel*

***04/08/1936***:
*Syra recibe a noticia de que Francisco Miguel foi detido e que se atopa na prisión da Torre. Debido á folga no transporte marítimo vai camiñando ata alí para velo.*

***15/08/1936***:
*Syra consegue a liberación de Francisco Miguel. Voltan a Oleiros mais, esa mesma noite, un grupo de catro homes presentáronse para deter o pintor, quen os escorrenta simulando que ten una pistola.*

***16/08/1936***:
*Ante o perigo que corren en Santa Cruz, no mencer deste día a parella abandona a "casa da felicidade" e agóchase nunha pensión da rúa Francisco Mariño da Coruña, propiedade dunha coñecida da familia de Syra.*

***19/09/1936***:
*A Brigada Social irrompe na pensión da túa Mariño, tras interrogar a Alberto, fillo da parella, Francisco Miguel é novamente detido.*

***29/09/1936***:
*Francisco Miguel é asasinado. O seu corpo aparece en Bértoa (Carballo) xunto cos de outras tres vítimas.*



**Casa da felicidade**- ***Rúa do Souto, 9***
A *"casa da felicidade"*, no núcleo de Santa Cruz de Liáns, foi o fogar luminoso de Francisco Miguel e Syra. Cun pequeno xardín e o estudo do pintor, evocaba unha vida tranquila e familiar. Esa calma rachou o 2 de agosto de 1936, cando un home chegou á porta coa orde de deter a Francisco Miguel; un episodio que Syra lembraría sempre con profunda dor.



**Porto de Santa Cruz**
Este embarcadoiro, desde onde saía a lancha cara á Coruña, aparece nos Diarios como escenario de angustiadas esperas de Syra. A parella mantivo boa relación coa xente do porto, mais un dos patróns, *"o Petexo"*, formou parte do grupo que, trala liberación de Francisco Miguel o 15 de agosto de 1936, acudiu á casa da felicidade para detelo de novo, tentativa que o pintor conseguiu evitar.



**Praia de Aguieira**- ***Praia de Naval, A Aguieira, Oleiros***
Tras o intento de detención do 15 de agosto de 1936, Syra e Francisco Miguel agocháronse nunha pensión da coruñesa rúa Francisco Mariño. Os fillos quedaron na casa da felicidade ata que Syra regresou por eles para levalos á casa da súa nai. No traxecto en lancha, Syra despediuse dos lugares de Oleiros que máis significado tiñan para ela, entre eles a praia de Naval.



**Montes de Mera**- ***Faro de Mera***
Este é outro dos lugares dos que Syra se despide na lancha cara á Coruña, cando vai buscar os seus fillos tras deixar a Francisco Miguel agochado na fonda. Desde estes montes vese a península coruñesa, incluído o cemiterio de Santo Amaro, onde el está soterrado desde 2025, e á dereita a Torre de Hércules, fronte á cal estaba o cárcere no que estivo preso.

**Praia de Bastiagueiro**
Syra lembra nesta praia os paseos nos que ela e Francisco Miguel recollían cunchas, motivo frecuente nos cadros do pintor. O 4 de agosto de 1936 presencia aquí a aparición de seis cadáveres e a dor das súas mulleres, un episodio que a impacta profundamente e que alimenta o temor por que ao seu marido lle poida ocorrer o mesmo.

**Piñeiral de Santa Cristina**- ***Parque de Nirvana***
O 4 de agosto de 1936 Syra Alonso soubo que Francisco Miguel estaba preso na Coruña. Sen servizo de lancha por folga, percorreu a pé os case trece quilómetros desde a casa da felicidade ata a prisión da Torre. Ao chegar ao piñeiral de Santa Cristina, uns soldados déronlle o alto, mais permitíronlle continuar tras identificarse e explicar o motivo da súa viaxe.

**Praia de Santa Cristina**
Tralo Golpe de Estado, catro perseguidos —entre eles Cesáreo Antonio Gómez— pediron acubillo na Casa da Felicidade. Syra reencontraríase con el dúas veces na comisaría da Coruña onde tamén estaba detido Francisco Miguel. Na segunda, foi testemuña da súa tentativa de suicidio. Sobreviviu, pero aquela mesma noite foi levado á praia de Santa Cristina, onde o asasinaron.

***Ría do Pasaxe***
Syra relata nos *Diarios* escenas da vida cotiá na Coruña tralo Golpe de Estado e a represión. Entre elas destaca o rexeitamento das viúvas dos mariñeiros represaliados a aceptar a caridade franquista: Cando un xefe da falanxe lles regalou colchón sao rematar a guerra, ao día seguinte a Ría da Pasaxe apareceu con decenas deles, flotando sobre as augas.

Deputación DA CORUÑA

ASOCIACIÓN PARA A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA



**Xubias de Abaixo**
Entre as Xubias de Abaixo e o hospital de Oza tivo lugar o suicidio de María Luisa Otero Pensado, quen se arroxou ás vías do tren tras ofrecer a súa vida a cambio do indulto para o seu marido, un comandante republicano condenado a morte. Tras isto, a execución anulouse. Este sacrificio impactou fondamente a Syra, motivo polo cal incluíuno nos *Diarios*.

**Praia de Mera**
Syra Alonso lembra esta praia como un lugar onde apareceron varios corpos de vítimas da represión; aparicións que foron a máis despois da captura de seis barcos procedentes de Xixón cheos de republicanos que fuxían. Tamén desde aquí partiu o buque *María Helena*, no que varios mariñeiros da zona lograron escapar cara a Francia.

**Cuartel Guardia Civil-** ***Auditorio Gabriel García Marquez, Mera***
O cuartel da Garda Civil en Mera era o cuartel ao que tiñan orde de levar a Francisco Miguel as distintas persoas que se presentaron en dúas ocasións na porta da Casa da Felicidade para detelo, sen éxito en ningunha delas.

**Pazo das Torres-** ***Avda. Emilia Pardo Bazán, 17***
Pazo situado preto da Casa da Felicidade. Syra relata como escoita o reloxo deste pazo a noite que volta á casa para buscar os documentos comprometedores da CNT que tiña agochados no faiado.

## O LITORAL DE OLEIROS NA PINTURA DE FRANCISCO MIGUEL

Ao longo da súa traxectoria, o estilo artístico de Francisco Miguel experimentou unha evolución. Nas súas primeiras obras, próximas ás correntes posvangardistas e en particular ao poscubismo, predominan a orde compositiva e un cromatismo intenso. Máis adiante, durante a súa estadía en México, incorporou pegadas do indixenismo e do muralismo do país, presentes tamén en artistas cos que conviviu, como David Alfaro Siqueiros, e que deixaron unha marca visible na produción dese período. Mais nas derradeiras creacións, realizadas pouco antes do seu asasinato, o pintor centrouse en motivos mariños, especialmente cunchas como mexillóns, ostras ou buguinas, semellantes ás que recollía na praia de Bastiageiro durante os seus paseos con Syra. Estas cunchas, que nalgunhas composicións alternan ou son substituídas por froitas, adoitan aparecer colocadas diante de xanelas abertas ao mar. Un mar que funciona como fío condutor da vida do pintor dende o nacemento. Ese horizonte mariño remite, sen dúbida, ás salagres costas de Oleiros, como é ben apreciable na que é considerada a súa obra máis destacada: Muíño de vento, na que se pode intuír ao fondo dese mar a península coruñesa e a torre de Hércules.



## UNHA CRÓNICA DO OLEIROS DOS ANOS 30

Que hoxe coñezamos a obra, a vida e o asasinato de Francisco Miguel, é en grande parte grazas ao labor da súa muller, Syra Alonso Brufau, quen recolleu con grande precisión nun diarios os acontecementos dende que o seu marido é detido por primeira vez, o 4 de agosto de 1936, ata que ela en compañía dos fillos sae da Estación do Norte da Coruña cara ao exilio en maio de 1942. Non será ata o século XXI que estes textos vexan a luz coma libro.

Esta crónica privilexiada da represión na área da Coruña, tamén reflicte os usos e costumes da sociedade da época, tanto de Santa Cruz, onde vivían antes do golpe de estado de 1936, como da cidade herculina, onde a parella se refuxia nunha fonda ante a inseguridade de permanecer na súa residencia oleirense.

Reflíctese Santa Cruz como un pequeno núcleo, eminentemente mariñeiro e labrego, moi influenciado polo sistema caciquil que a República tentou suprimir, mais que, a raíz do golpe de Estado, este sistema volve a gañar protagonismo. No relato de Syra, pódense intuír tamén unhas rutas de lecer que chegan ata á praia de Bastiageiro, onde recollían cunchas, e mesmo ata á praia de Naval e os Montes de Mera, ademais de representar a precariedade do transporte por estrada.

## A IMPORTANCIA DO TRANSPORTE MARÍTIMO

Os escritos de Syra son tamén un retrato das antigas formas de transporte existentes tanto na cidade herculina, con mención ás antigas liñas do tranvía, como no ámbito da ría da Coruña, onde o transporte en barca adquire un gran protagonismo en determinados momentos da narración. Algúns exemplos percíbense cando vai a pé, debido á folga no transporte, ata o cárcere da Coruña para ver a Francisco Miguel, cando abandona Santa Cruz cos fillos mentres se despide de Oleiros ou cando, á espera da saída do home da comisaría da Brigada Social, ve chegar na lancha que tiña o seu apeadoiro na Dársena da Coruña as distintas persoas que ían testemuñar contra o pintor.

As primeiras referencias ao transporte de pasaxeiros na ría datan do ano 1573. Algunhas fontes sitúan en 11.264 os pasaxeiros na ría coruñesa no ano 1928, unha cifra que alude á importancia do transporte se temos en conta que a poboación oleirense era, segundo o censo de 1930, de 9.115 habitantes. A finais da década de 1960, coa pouca fiabilidade dos horarios dos barcos e a xeneralización do transporte terrestre co vehículo privado, provocou que as liñas marítimas foran perdendo afluencia e, finalmente, desaparecendo.